

Regulamento I Marcha BTT CONCELLO DE ORTIGUEIRA

1. Organización.

Organiza a Peña Ciclista Santa Marta e o Concello de Ortigueira.

2. Data e lugar da actividade. Recollida de dorsais:

A I Marcha BTT CONCELLO DE ORTIGUEIRA terá lugar o domingo 22 de Outubro de 2017.

A saída e chegada terá lugar na Avenida Juan Luis Pía na localidade de Ortigueira.

A hora de comezo será ás 09:30h.

Recollida de dorsais: Domingo día 21 de 8:00h a 9:15h no Pabillón Municipal ao lado da saída.

Os dorsais serán facilitados pola organización.

Os dorsais son persoais e intransferibles cubrindo legalmente ao titular que aparece relacionado no citado dorsal.

No caso de ser menor de idade, é necesario presentar unha autorización do tutor legal do menor.

3. Inscripcións.

Por medio da web: www.prueba-t.es con data límite o mércores 18 de outubro ás 20:00h. Todo condicionado ás 200 prazas que hai de límite.

O prezo:

Se estás federado, 15 euros

Se non estás federado, 20 euros

O prezo inclúe unhas pinchos de confraternización ao rematar a ruta e serán servidos no Pabillón Municipal.

4. Participación

A ruta está prevista para un límite de 200 participantes.

A idade mínima de participación é de 15 anos.

Todo menor de idade deberá presentar unha autorización firmada polo seu titor legal para poder participar no evento.

Cada participante é responsable da súa propia condición física e psíquica para participar na marcha de BTT.

5. Equipamento.

Cada participante é responsable de portar o correcto equipo para a práctica da actividade, así como de levar os elementos necesarios (ferramentas e recambios) para subsanar os problemas mecánicos que poideran ter lugar no transcurso da marcha.

Para participar será obrigatoria a utilización de casco homologado para a práctica deportiva do ciclismo de montaña.

Na vestimenta o número e a posición da publicidade son libres, pero a placa ou dorsal debe estar visible en todo momento.

Os participantes non poden cortar ou doblar o dorsal.

6. Percorrido.

O percorrido da marcha de BTT é de aproximadamente 45kms. Existirá a posibilidade de corte e continuar por carretera ata a liña de meta, podendo así cada participante adaptar a

ruta as súas capacidades físicas.

O comezo e remate da marcha estará na Avenida Juan Luis Pía na localidade de Ortigueira.

O percorrido da marcha BTT terá lugar por vías abertas ao tráfico, polo que é necesario tomar precaucións e respetar as normas xerais de seguridade vial.

A presente marcha BTT non é competitiva, pero darase un trofeo ou recordo para o equipo máis numeroso e ao participante de maior e menor idade.

A marcha será de velocidade libre.

Constará de dous avituallamentos durante o percorrido

O corredor deberá seguir o percorrido marcado e está obrigado a circular polo camiño oficial e será único responsable dos seus erros.

O percorrido estará sinalizado cos mellores medios posibles e será responsabilidade dos participantes a localización da sinalización, sendo obrigatorio cumprir as indicacións do percorrido.

Servizo duchas e manguera para limpar as bicicletas no pabillón municipal.

7. Saída e finalización da proba.

A hora da saída 9:30h.

A hora de finalización 14:30h.

Os participantes deberán estar 10 minutos antes na liña de saída.

8. Seguro.

Seguro de responsabilidade civil e asistencia sanitaria para todos os participantes da marcha.

A organización non se fai responsable dos posibles accidentes que poidan ocorrer no caso de imprudencias ou por non seguir as normas da proba.

A organización non se fai responsable de ningún tipo de roubos ou averías que poidan sufrir as bicicletas ou outras equipacións dos participantes.

9. Limpeza e preservación do entorno natural.

A organización pide a tódolos participantes que manteñan o entorno limpo e que o respeten.

No punto de avituallamento disporase de puntos de recollida de residuos donde os participantes poderán depositar papeis, botellas, latas, etc.....

En calquera caso, tampouco será aceptable que os participantes abandonen polo percorrido residuos xerados tras realizar unha reparación da bicicleta (cámaras, eslabós de cadena, etc.....).

A organización poderá expulsar da marcha a calquer participante que incumpra os puntos anteriores ou manteña outras conductas perxudiciais para o medio ambiente.

10. Coñecemento do regulamento.

A participación na marcha BTT implica a aceptación do presente regulamento, o descoñecemento do mesmo non exime ao participante do seu cumprimento.

11. Suspensión ou modificación da ruta.

A organización poderá modificar o percorrido debido a causas meteorolóxicas adversas.

Non se devolverá o importe das inscricións aos participantes que non acudan á marcha

de BTT.

O mero feito de inscribirse nesta marcha, supón a aceptación do presente regulamento e a renuncia a tódolos dereitos contra a organización derivados dos danos que se poidan ocasionar na marcha de BTT.

12. Dereito de imaxen.

A aceptación do presente regulamento imprica obrigatoriamente que o participante autoriza á organización da proba á grabación total ou parcial da súa participación na mesma, presta o seu consentimento para que poida ser utilizada a súa imaxe na promoción e difusión da proba de tódalas formas posibles (radio, prensa, vídeo, redes sociais, fotos, dvd, internet, carteis, medios de comunicación.....) e cede tódolos dereitos relativos á explotación comercial e publicitaria que a organización considere oportuno executar, sin dereito pola súa parte a recibir compensación económica algunha.

13. Disposicións finais.

A organización resérvase o dereito a realizar as modificacións oportunas, cando por algún motivo o estime necesario.

A organización resérvase o dereito a modificar parcial ou totalmente o contido deste regulamento, cando por algún motivo o estime necesario.

A organización poderá expulsar da marcha de BTT a todo aquel participante que incumpra algún dos puntos citados no presente documento, así como a todo aquel que adopte conductas temerarias.